



Servizo Municipal de Deportes  
Rúa Juan Manuel Pintos, sn  
E36005 – Pontevedra  
T +34 986 872 013  
admindepor@pontevedra.eu  
deportes.pontevedra.gal

## **PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DO PIRAGÜISMO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2017**

No Concello de Pontevedra, sendo as 12:00 horas do día 16 de outubro de 2017.

### **REUNIDOS:**

Dunha parte D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación de Réxime e Administración Local.

E da outra Don. José Alfredo Bea García, con DNI 35456180R como Presidente da entidade Federación galega de piragüismo, con N.I.F. G36040764.

Amblas dúas partes actúan nas representacións expresadas e se recoñecen reciprocamente competentes bastante para o outorgamento e formalización deste Convenio, e a tal efecto,

I.- O presente convenio atende ao desenvolvemento do plano estratéxico de subvencións do Concello de Pontevedra para o ano 2017 e ao disposto polos artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de actividades ou instalacións culturais e deportivas. E o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, establece como competencia dos Concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo.

II.- Os estatutos da entidade Federación galega de piragüismo, adaptados a lei 3/2012, de 2 de abril do Deporte de Galicia, figuran inscritos co número 294 no Rrexistro Autonómico de Asociacións Deportivas e no Rrexistro Municipal de Asociacións co número 140, radicando o seu enderezo en Pontevedra.

III.- Que, segundo resulta dos seus Estatutos, a entidade Federación galega de piragüismo constituiuse sen ánimo de lucro, sendo os seus principais fins, entre outros, a práctica do piragüismo, podendo fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ao público en xeral. Destacando no seu plan de actividades a promoción e a organización de competicións do antedito deporte.

IV.- Dende os últimos anos, o Concello de Pontevedra fai un esforzo moi importante para a celebración no noso Concello de eventos deportivos de primeira orde no Estado e a nivel internacional ao obxecto de fomentar a participación deportiva entre a súa poboación e promover a imaxe do municipio.

V.- A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva segundo os artigos precedentes citados das Leis 7/85, e 11/1997 este Concello compromete para o ano 2017, nos seus vixentes orzamentos ordinarios, as partidas ou aplicacións orzamentarias necesarias para asumir unha parte dos gastos que ocasionan a organización de actividades e eventos deportivos singulares e relevantes no Concello de Pontevedra.

VI.- O Convenio de Colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido na actualmente vixente Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro de 2004 (BOP nº190 do 30/09/2004), baixo a vixencia, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 17 de novembro, así como da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. A xustificación



Servizo Municipal de Deportes  
Rúa Juan Manuel Pintos, sn  
E36005 – Pontevedra  
T +34 986 872 013  
admindeportes@pontevedra.eu  
deportes.pontevedra.gal

posterior para a achega do importe económico recolle todas as prescripcións sinaladas para o debido control e aplicación dos fondos públicos.

**VII.-** A organización dos eventos obxecto do presente convenio corresponde en exclusiva á Federación galega de piragüismo o que imposibilita a concorrencia con outras entidades deportivas.

En base a canto antecede e considerando o establecido nos artigos 294 e 310 da Lei de Administración Local de Galicia sobre a actividade de fomento e os convenios, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Régime Local, e 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as partes intervintes acordan celebrar o presente convenio de colaboración para a promoción do deporte do piragüismo no municipio de Pontevedra, que se rexerá con suxección ás seguintes,

#### **CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA.-** É obxecto do presente Convenio establecer as condicións reguladoras da subvención económica a outorgar polo Concello de Pontevedra a entidade Federación galega de piragüismo, pola promoción do deporte do piragüismo no Concello de Pontevedra, para o que desenvolverán as seguintes actividades "Open cidade de Pontevedra 2017", "Copa de España de 200 e 500m" e "Campeonato de España senior e junior".

**SEGUNDA.-** O Concello de Pontevedra comprométese a aportar ata o 100% do importe do gasto total ecimporfe máximo de 15.000,00 €, por tratarse de actividades puntuais e extraordinarias de grande interese público e social, así como de promoción turística e económica do Concello e por ser organizada por unha entidade deportiva que, aínda que ten unha relación directa coa organización de certos deportivos na modalidade do piragüismo. Estas actividades son de carácter nacional, polo que, se poderán desenvolver en calquera municipio de Galicia. Así pois, coa axuda directa do Concello de Pontevedra se poñen a disposición da entidade os medios necesario para que sexa o noso Concello o lugar de desenvolvemento dos citados eventos. E por conseguinte, se contribúa a promoción da actividade física e o Deporte entre a nosa poboación, se facilite a participación dos rapaces e rapazas que, diariamente, adestran nos clubs de piragüismo do noso municipio, e se contribúa na reducción dos gastos que para os "nosos" clubs supón o desprazamento a outras localidades no territorio nacional para participar en estes eventos.

A achega municipal efectuarase con cargo á partida do Orzamento xeral do Concello para o ano 2017 que se detalla, tendo emitido informe a Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito na dita aplicación orzamentaria.

Aplicación	Operación num.	Importe
05.341.0-489.06	201700054174	15.000,00 €
<b>Total</b>		<b>15.000,00 €</b>

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou de outros entes privados, supere o custe total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das contribucións complementarias de axudas de outras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos menos ingresos.

**TERCEIRA.-** A entidade Federación galega de piragüismo comprométese a destinar a achega do Concello de Pontevedra á organización das citadas actividades encamiñadas á promoción do piragüismo no Concello de Pontevedra e destacará, en lugar preeminente, a colaboración económica ou patrocinio do Concello de Pontevedra tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, como nos anuncios de difusión das actividades, incluíndo o emblema oficial



Servizo Municipal de Deportes  
Rúa Juan Manuel Pintos, sn  
E36005 – Pontevedra  
T +34 986 872 013  
admindeportes@pontevedra.eu  
deportes.pontevedra.gal

do Concello de Pontevedra e o logotipo de "Deporte Pontevedra", e a través da instalación de publicidade estática do Concello de Pontevedra e de "Deporte Pontevedra" na instalación deportiva onde se desenvolva a actividade. Tanto a inserción dos logotipos en publicacións, anuncios, carteis, folletos, etc, como na publicidade estática a dispoñer na instalación onde se desenvolva a actividade se deberá ter en conta a proporción correspondente a porcentaxe da achega municipal sobre o total de achegas recibidas pola entidade para a mesma actividade.

A entidade Federación galega de piragüismo é a promotora e organizadora exclusiva das actividades subvencionadas polo que deberá solicitar as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento das actividades asumindo, polo tanto, calquera responsabilidade que puidera derivar da organización do evento.

A entidade beneficiaria ven obrigada a facilitar canta información lle sexa requerida polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos que teñen encomendadas, nos termos da lexislación aplicable.

**CUARTA.-** A entidade deportiva beneficiaria poderá solicitar por escrito o antícpio do 30% da cantidade subvencionada para sufragar gastos inaprazables derivados da organización do evento deportivo.

**QUINTA -** Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en tanto a interpretación do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimiento integrada polo concelleiro/a no/a que delegue e o/a presidente/a da Federación galega de piragüismo.

**SEXTO -** No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos a entidade beneficiaria facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuizamento dos anteriores órganos.  
\*

**SEXTA.-** A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza Municipal que regula a xustificación das subvencións públicas, para cada unha das actividades de promoción do deporte do piragüismo definidas na base primeira. En todo caso, o prazo para a rendición da conta xustificativa non poderá exceder de tres meses dende a finalización da actividade ou do 31 de marzo do ano 2018.

Apó abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere a contía de 12.000,00 €, deberán de solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

Así mesmo, segundo a Lei 7/2012 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 2.500,00 €, polo que, o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante da transferencia bancaria.

**SÉTIMA.-** A extinción do convenio producirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir nalgúnha das causas de extinción previstas no artigo 51 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.

**OITAVA.-** O presente Convenio de Colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e terá unha vixencia limitada ao presente exercicio, polo que as actividades e xustificacións de gastos terán que referirse ao ano como período completo, rematando o mesmo coa resolución que poña fin á xustificación da aplicación da contribución do Concello de Pontevedra que se xestionará e renderá ante o Concello consonte coa forma establecida no procedemento xeral disposto no artigo 19 da Ordenanza Municipal de Subvencións, como acto obligatorio da entidade deportiva que acredite o seu cumprimento.

En proba de conformidade, as partes subsciven e asinan o presente Convenio, por duplicado



**Servizo Municipal de Deportes**  
Rúa Juan Manuel Pintos, sn  
E36005 – Pontevedra  
T +34 986 872 013  
[admindeportes@pontevedra.eu](mailto:admindeportes@pontevedra.eu)  
[deportes.pontevedra.gal](http://deportes.pontevedra.gal)

exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.



O ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA  
Miguel Ángel Fernández Lores

O PRESIDENTA DA FEDERACIÓN GALEGA  
DE PIRAGÜISMO

FGP  
Alfredo Bea García

O SECRETARIO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA,

Jose Carlos Castellera Piñeiro

